



Gondomar, 10 de Setembro do 2010

Estimados Pais/nais:

Mediante a presente informámoslles que para o presente **curso 2010/2011**, asumimos novamente a grata labor da organización das actividades extraescolares. Dende aquí queremos agradecer tanto ás familias como a Dirección do Centro a confianza depositada en nos. Ó igual que no curso pasado, ACTEX organizará as actividades extraescolares.

As actividades darán comezo o día correspondente na **PRIMEIRA SEMANA DE OUTUBRO**, e por iso, que pregamos entreguen no COLEXIO antes do **15 DE SETEMBRO** a **FOLLA DE INSCRICIÓN** adxunta, onde poden seleccionar cunha "X" a actividade ou actividades que lles interese.

En algunhas destas actividades e sempre tratando de dar o mellor servizo, queremos destacar que hai uns custes adicionais para mellorar o resultado das mesmas, estas cotas de materiais facturaránse xunto co recibo do mes de Outubro. As actividades que requiren un custo adicional son as seguintes:

***INICIACION O ARTE e PINTURA.**- *Nestas actividades, traballarán as técnicas da arte de pintar coas técnicas das artes plásticas, realizándose talleres diversos: collage, reciclaxe, murais conmemorativos... polo que precísanse unha serie de materiais que por un custe anual facilitámosllos nós por **13,50€/curso** (óleos, pinceis, lápices...). Os **LENZOS ou TABLAS** para pintar **NON ESTAN INCLUIDOS NA CUOTA**, que ben llos facilitaremos, ou os poden adquirir Vostedes, e o seu prezo varia en función do tamaño e do tipo de material.*

*** TALLER DE COCIÑA.**- *Para levar a cabo esta actividade necesítanse unha serie de materiais e ingredientes, os cales non están incluídos no prezo da actividade. Actex facilitará todo o necesario por unha cota de **35 €/Ano**, facturados en dous prazos, **17,50€** en Outubro e **17,50€** en Febreiro.*

*** TENIS** para a práctica deste deporte requírese unha raqueta e unha pelota de tenis.

*** TALLER DA CIENCIA E A NATUREZA.** *Actividade na que se realizarán dous talleres diferentes:*

Taller da ciencia onde os alumnos converteranse en auténticos científicos realizando divertidos e inxenosos experimentos, e **Taller da natureza** no que se realizarán actividades para concienciar os alumnos da importancia do coidado do medio ambiente e se lles acercará o medio natural realizando actividades de xardinería, investigando sobre árbores e insectos, coidados básicos das prantas, ... sempre dunha forma lúdica e experimental. - Precísanse unha serie de materiais que por **un custe anual** facilitámosllos nos **13,50 €/curso**.

Tódolos recibos das actividades de ACTEX pasaránse pola entidade bancaria que vostedes indiquen do **día 1 e 5 do mes en curso**. Se por algunha circunstancia o alumno debера causar **BAIXA**, deberán comunicalo **ANTES DO DIA 20 do último mes que asistirá**, esta comunicación poderá ser telefonicamente, por e-mail ou ben nos teléfonos e dirección abaixo indicados (**en ningún caso a través do monitor/a**). A partir desa data procederíase a súa facturación.

TODAS as comunicacións relacionadas cas actividades extraescolares de Actex: CIRCULARES, AVISOS, ...lles serán enviadas por MAIL e as poderán descargar da nosa PÁXINA WEB www.actex.es, é por iso que na folha de inscrición é **IMPRESINDIBLE** nos indiquen un **ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO**. No caso de que teñan algún problema o respecto, pregamos o fagan constar no apartado de observacións.

Para calquera consulta ou dúbida, poden chamarnos os seguintes teléfonos: **886- 12 59 98** ó **607- 582 719** en horario de **9:30 a 13:30** e de **16:00 a 19:00 Hrs.**

Esperando sexa todo do seu agrado, aproveitamos para darlles a benvida o presente curso escolar, e lles saudamos moi atte.

ACTEXGA, S.L.

